SALA DE EXPOSICIÓNS DA ESCOLA DE CONSERVACIÓN
E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA
RÚA DA MAESTRANZA, NÚM. 2, PONTEVEDRA
(ENTRADA POLA FACULTADE DE BELAS ARTES)

www.depo.es
www.museo.depo.es

facebook.com/MuseoPontevedra

twitter.com/depo_es

INSECTOS XILÓFAGOS

DEVORADORES DE MADEIRA

Do 18 de maio ó 14 xuño de 2015

Depósito Legal:PO 317-2015

Deputación Pontevedra

Museo de Pontevedra

ESCOLA SVPERIOR DE CONSERVACIÓN E RESTAVRACIÓN DE BENS CVLTVRAIS DE GALICIA

Os xilófagos

Presentamos nesta exposición as fotografías de insectos xilófagos realizadas por Rafael Estévez Rodríguez. O autor amosa con máximo detalle o seu atractivo colorido e formas, dun xeito imperceptible a simple vista. Non obstante, e pese á súa beleza, debemos lembrar que o ataque destes insectos constitúe unha das máis graves causas de degradación dos bens culturais en madeira.

Os insectos son a maior poboación de seres vivos sobre a terra; calcúlase que por cada ser humano existen 200 millóns de insectos. Están descritas máis dun millón de especies ás que se lles suman novas cada día.

De todo este número só unha pequena parte son xilófagos, isto é, aliméntanse de madeira, e destes só uns poucos de madeira seca. Non obstante, e grazas á súa alta especialización, capacidade sensorial, alta fecundidade, pequeno tamaño e mobilidade, as pragas son unha ameaza constante para as colecciónns.

Os parámetros climáticos de Galicia, con temperaturas medias e unha elevada humidade, son os máis apropiados para o desenvolvemento dos insectos que se alimentan da madeira, material co que están confeccionados unha extensa parte dos bens culturais que

posuímos. A facilidade de adaptación a novos ambientes permite o asentamento de pragas, transportadas ó redor do mundo a través de actividades coma o comercio e o turismo.

Desde tempos pretéritos, os artrópodos en xeral, e os insectos en particular, producen en nós unha inusitada fascinación, debida a un bo puñado de elementos, dos que o aspecto máis singular, sen dúbida algunha, é a súa enorme e en ocasións sorprendente disparidade morfolóxica.

Prevención e tratamento

Para previr os danos producidos polos insectos xilófagos hainos que coñecer, ter presentes as condicións climáticas favorables para o seu desenvolvemento e saber cando e como acontecen os ciclos das súas vidas. Así, poderanse cambiar algúns parámetros que, como a humidade, dificultarán a súa aparición e extensión. Por outra banda, identificar sinais como a aparición de po, restos de insectos, buratos ou túneles no caso dos térmites, axudará a coñecer a súa orixe e así aplicar os tratamentos idóneos.

Unha boa diagnose previa resulta imprescindible para resolver dun xeito efectivo os problemas. Unha vez concluída a intervención, un seguimento posterior permitirá comprobar que non reaparece de novo.

Estas intervencións non deben afectar de ningún xeito ás obras, polo que o conservador/restaurador débese asesorar sobre a súa composición para evitar danos.

HORARIO: de luns a venres de 17 a 21 h

Visita en grupos (de mañá ou tarde) previa cita telefónica (986 861 251)

Entrada gratuíta